



APRENDIZAXE DAS ESTRATEXIAS DE COMPRENSIÓN LECTORA

	Textos narrativos	Textos expositivos e outros
Educación Infantil	➤ Actividades previas á lectura (<i>como oíntes nesta primeira etapa, incorporándose paulatinamente como lectores</i>): ○ Actividades que esperten a curiosidade sobre o que van escoitar ou o libro que lles van ler, que fagan emerxer os coñecementos previos e que favorezan as prediccións. ○ Manipulación do libro á procura de datos: nome do autor, título, símbolos da editorial ou da colección.... ○ Lectura de imaxe (ilustracións) ➤ Actividades durante a lectura (<i>actividades que permitan o control sobre o que lles van lendo ou narrando</i>): ○ Escoita atenta ○ Inferir significados polo contexto ➤ Actividades posteriores á lectura (<i>actividades que favorezan a verificación da comprensión do escoitado ou lido, no seu caso, e a incorporación ó seu esquema de coñecemento, á súa experiencia lectora</i>): ○ Identificación dos personaxes ○ Identificación do protagonista, do lugar no que transcorre, do problema principal e da resolución da historia.	➤ Actividades previas á lectura (<i>como oíntes nesta primeira etapa, incorporándose paulatinamente como lectores</i>): ○ Observación de ilustracións, títulos e subtítulos, símbolos e outros marcadores nos libros de coñecementos. ○ Traballo co xornal: identificación de titulares, lectura de imaxe con fotografías.... ➤ Actividades durante a lectura (<i>actividades que permitan o control sobre o que lles van lendo ou narrando</i>): ○ Escoita atenta ○ Inferir significados polo contexto ➤ Actividades posteriores á lectura (<i>actividades que favorezan a verificación da comprensión do escoitado ou lido, no seu caso, e a incorporación ó seu esquema de coñecemento, á súa experiencia lectora</i>): ○ Achegamento ó tema do que trata o texto oral, gráfico ou escrito, no seu caso.



APRENDIZAXE DAS ESTRATEXIAS DE COMPRENSIÓN LECTORA

	Textos narrativos	Textos expositivos e outros
1º Ciclo de Primaria	➤ Actividades previas á lectura (<i>como oíntes e tamén xa como lectores</i>): ○ Actividades que esperten a curiosidade sobre o que van escoitar ou o texto que lles van ler ou que van ler por eles mesmos, que fagan emerxer os coñecementos previos e que favorezan as prediccións. ○ Manipulación do libro á procura de datos: nome do autor, título, símbolos da editorial ou da colección.... ○ Lectura de imaxe (ilustracións) ➤ Actividades durante a lectura (<i>actividades que permitan o control sobre o que van lendo</i>): ○ Inferir significados polo contexto ○ Identificación dos personaxes que van aparecendo. Prediccións da súa actuación ➤ Actividades posteriores á lectura (<i>actividades que favorezan a verificación da comprensión do escoitado ou lido, no seu caso, e a incorporación ó seu esquema de coñecemento, á súa experiencia lectora</i>) ○ Identificación dos personaxes ○ Identificación do protagonista, do lugar no que transcorre, do problema principal e da resolución da historia. ○ Identificación do tema do texto lido ou escoitado	➤ Actividades previas á lectura (<i>como oíntes e xa incorporándose paulatinamente como lectores</i>) ○ Observación de ilustracións, títulos e subtítulos, símbolos e outros marcadores nos libros de coñecementos. ○ Traballo co xornal: identificación de titulares, lectura de imaxe con fotografías, publicidade.... ➤ Actividades durante a lectura (<i>actividades que permitan o control sobre o que lles van lendo ou narrando</i>): ○ Escoita atenta ○ Inferir significados polo contexto ○ Comprobar as prediccións segundo se vai lendo (por apartados) ➤ Actividades posteriores á lectura (<i>actividades que favorezan a verificación da comprensión do escoitado ou lido, no seu caso, e a incorporación ó seu esquema de coñecemento, á súa experiencia lectora</i>) ○ Achegamento ó tema do que trata o texto oral, gráfico ou escrito, no seu caso. ○ Identificación das palabras clave, ou palabras principais



APRENDIZAXE DAS ESTRATEXIAS DE COMPRENSIÓN LECTORA

	Textos narrativos	Textos expositivos e outros
2º Ciclo de Educación Primaria	➤ Actividades previas á lectura ○ Actividades que esperten a curiosidade sobre o que van ler, que fagan emerxer os coñecementos previos e que favorezan as prediccións. ○ Manipulación do libro á procura de datos: nome do autor, título, ilustrador, editorial, colección. ○ Tipo de letra, idioma, forma do texto. ○ Lectura de imaxe coas ilustracións ○ Análise da portada. ○ Prediccións sobre o contido e os personaxes ➤ Actividades durante a lectura (<i>actividades que permitan o control sobre o que van lendo</i>): ○ Lectura silenciosa, modélica do profesor, individual, colectiva. ○ Inferir significados polo contexto ○ Achegamento ó significado. Acudir ó dicionario ○ Identificación dos personaxes que van aparecendo. Prediccións da súa actuación. ○ Identificar as accións. Predecir posibles resolucións da historia ➤ Actividades posteriores á lectura (<i>actividades que favorezan a verificación da comprensión do lido e a incorporación ó seu esquema de coñecemento, á súa experiencia lectora</i>) ○ Identificación dos personaxes ○ Identificación do protagonista, do lugar no que transcorre, o tempo, do problema principal e da resolución da historia. ○ Identificación do tema do texto lido ○ Distinguir se é unha obra real ou imaxinaria ○ Identificar as descrições, os diálogos, a narración. Dramatizar ○ Transformar unha narración cómic ○ Transformar o texto modificando o punto de vista do narrador ○ Inventar outro final ○ Escribir unha carta a un dos personaxes, ó autor... ○ Distinguir feitos/opiniós, verdadeiro/ falso, real/imaginario	➤ Actividades previas á lectura ○ Observación de ilustracións, títulos e subtítulos, símbolos e outros marcadores nos textos expositivos e xornalísticos ○ Predicción do tema ○ Análise de gráficos simples, extraen a información que conteñen ➤ Actividades durante a lectura (<i>actividades que permitan o control sobre o que van lendo</i>): ○ Inferir significados polo contexto ○ Comprobar as prediccións segundo se vai lendo (por apartados) ○ Suliñar palabras segundo un criterio dado ○ Identificar as ideas principais por apartados ➤ Actividades posteriores á lectura (<i>actividades que favorezan a verificación da comprensión do lido, no seu caso, e a incorporación ó seu esquema de coñecemento, á súa experiencia lectora</i>) ○ Achegamento ó tema do que trata o texto oral, gráfico ou escrito, no seu caso. ○ Poñer títulos e subtítulos ○ Identificación das ideas principais, por apartados, e da idea principal, no seu conxunto. ○ Elaboración de resúmenes ○ Búsqueda de datos concretos



APRENDIZAXE DAS ESTRATEXIAS DE COMPRENSIÓN LECTORA

	Textos narrativos	➤ Textos expositivos e outros
3º Ciclo de Primaria	➤ Actividades previas á lectura ○ Actividades que esperten a curiosidade sobre o que van ler, que fagan emerxer os coñecementos previos e que favorezan as prediccións. ○ Manipulación do libro á procura de datos: nome do autor, título, ilustrador, editorial, colección. ○ Tipo de letra, idioma, forma do texto. Títulos, subtítulos, capítulos, chamadas... ○ Ilustracións, gráficos, fotografías: diferenciar, interpretar, predecir. ○ Observar e identificar o que destaca, relacionar, asociar, recoñecer as suxerencias que esperta ○ Análise da portada. ○ Prediccións sobre o contido e os personaxes, o lugar e o tempo. ➤ Actividades durante a lectura (<i>actividades que permitan o control sobre o que van lendo</i>): ○ Lectura silenciosa, modélica do profesor, individual, colectiva. ○ Inferir significados polo contexto ○ Achegamento ó significado. Acudir ó dicionario ○ Identificación dos personaxes que van aparecendo. Prediccións da súa actuación. ○ Identificar as accións. Predecir posibles resolucións da historia ○ Realizar actividades “de entrenamiento”: encher ocos, atopar frases pirata, recompoñer textos enguedellados....	➤ Actividades previas á lectura ○ Observación de ilustracións, títulos e subtítulos, símbolos e outros marcadores nos textos expositivos e xornalísticos ○ Predicción do tema ○ Análise de gráficos, extraer a información que conteñen ➤ Actividades durante a lectura (<i>actividades que permitan o control sobre o que van lendo</i>): ○ Inferir significados polo contexto ○ Comprobar as prediccións segundo se vai lendo (por apartados) ○ Suliñar palabras segundo un criterio dado ○ Identificar as ideas principais por apartados ○ Suliñar as frases que conteñen o dato que se precisa



APRENDIZAXE DAS ESTRATEXIAS DE COMPRENSIÓN LECTORA

3º Ciclo de Primaria	➤ Actividades posteriores á lectura (<i>actividades que favorezan a verificación da comprensión do lido e a incorporación ó seu esquema de coñecemento, á súa experiencia lectora</i>) ○ Actividades para a identificación do punto de vista ○ Cuestións sobre a estrutura narrativa: historias presentes no texto, identificar a principal das secundarias, lugar, tempo, tema, personaxes, protagonista, antagonista, problemas, solucións, pretensións dos personaxes ○ Distinguir se é unha obra real ou imaxinaria ○ Identificar as descrições, os diálogos, a narración. ○ Dramatizar ○ Transformar unha narración cómic ○ Transformar o texto modificando o punto de vista do narrador ou calquera outro elemento ○ Escribir un texto diferente (noticia, cómic, poema, reseña...) co mesmo tema ○ Inventar outro final, outro comezo, un diálogo entre personaxes.... ○ Escribir unha carta a un dos personaxes, ó autor... ○ Ampliar ou diminuír o texto. ○ Distinguir feitos/opiniós, real/imaxinario, verdadeiro/falso ○ Empregar técnicas de escritura creativa para a a recreación de textos. ○ Deducir ideas implícitas no texto ○ Elaborar preguntas que poida responder un texto. ○ Establecer relacións causa/efecto ○ Establecer consecuencias ○ ...	➤ Actividades posteriores á lectura (<i>actividades que favorezan a verificación da comprensión do lido, no seu caso, e a incorporación ó seu esquema de coñecemento, á súa experiencia lectora</i>) ○ Poñer títulos e subtítulos ○ Identificación das ideas principais, por apartados, e da idea principal, no seu conxunto. ○ Elaboración de resúmenes ○ Búsqueda de datos concretos ○ Elaborar esquemas a partir dos títulos e subtítulos ○ Recoller en fichas, pequenas informacións: datos, significados, resúmenes. ○ Reelaborar a información recollida, de forma persoal, en pequenos traballos monográficos. ○ Extraer información dos gráficos, relacionándoa coa idea principal. ○ Establecer relacións causa/efecto ○ Debatir sobre o contido ou o significado dun texto. ○ Elaborar preguntas para verificar a comprensión dun texto. ○ Recoñecer a información adquirida
------------------------------------	---	---